

BASES “OBRADOIRO DE NADAL: ÁS VOLTAS”

1. OBXECTO:

O obxecto das presentes bases consistirá en establecer as pautas para a selección das persoas participantes no “OBRADOIRO DE NADAL: ÁS VOLTAS”.

2. PERSOAS DESTINATARIAS:

A poboación destinataria é a infancia escolarizada nada entre 2013 e 2019.

3. LUGAR E PERÍODO DE REALIZACIÓN:

Os obradoiros desenvolverase no Multiusos Terra do Queixo, entre os días 27 e 29 de decembro de 2023 e entre o 2 e o 5 de xaneiro de 2024. O horario será de 10 a 14 horas.

4. PRAZAS OFERTADAS:

O Concello de Arzúa oferta 25 prazas nos “OBRADOIRO DE NADAL: ÁS VOLTAS” para as crianzas que cumpran os requisitos de admisión.

6. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN:

a) As crianzas participantes no obradoiros serán nados entre 2013 e 2019, ámbolos dous incluídos, e deberán estar matriculados en educación Infantil ou Primaria.

7. SAÚDE:

Calquera circunstancia de saúde que poida afectar á/ao menor (alerxias, intolerancias, enfermidades crónicas, afeccións de saúde,...) deberase sinalar na solicitude e achegar un informe médico sobre a diagnose e as actuacións que debe ter en conta o Monitorado. De non achegar o informe médico, entenderase que non existen.

No caso de que a crianza presente temperatura, chamarase á familia e non poderá permanecer no obradoiro.

8. AUTORIZACIÓN PARA RECOLLER Á PERSOA USUARIA:

Coa solicitude achegaranse os datos da persoa que está autorizada pola nai ou polo pai para recoller á/o menor. De non achegar estes datos, entenderase que soamente poderán recoller a/o menor a/s persoa/s solicitante/s.

9. CRITERIOS DE SELECCIÓN:

No caso de que haxa máis solicitudes que prazas estes serán os criterios de adscrición de praza:

1. O criterio técnico das profesionais do CIM, en situacións especiais.
2. Terán preferencias as crianzas empadroadas no Concello de Arzúa, fronte ás non empadroadas.
3. Dentro das crianzas empadroadas, terán preferencia aquelas nas que a súa familia se atope nalgún dos seguintes supostos: familias monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados. Igual preferencia establecerase dentro das crianzas non empadroadas.
4. A orde de inscrición será a de rexistro das solicitudes.

10.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

Documentación básica:

- Solicitud asinada
- Fotocopia dos DNI do pai, nai ou titor/a legal.
- Fotocopia dos DNI das persoas autorizadas para a recollida
- No caso de non autorizar a comprobar os datos no padrón municipal riscando a cela habilitada a tal efecto na solicitude, deberán achegar o certificado de empadramento da crianza no Concello de Arzúa.

Documentación adicional segundo as circunstancias familiares:

- No caso de **familia monoparental**, copia do certificado de familia monoparental emitido pola Xunta de Galicia ou xustificante de ter presentado a solicitude e a documentación presentada.
- No caso de **unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados**: resolución de discapacidade con necesidade de terceira persoa, resolución de dependencia ou informe de servizos sociais que acredita dita situación.
- No caso de **vítima de violencia de xénero** informe do Centro de Información ás Mulleres.
- No caso de **mulleres en situación de desemprego de longa duración**, certificado do Servizo Público de Emprego.
- No caso de ter algún tipo de **alerxia, enfermidade ou afección de saúde**, deberá achegar o informe do médico onde conste a diagnose e as actuacións previas ou posteriores a ter en conta. Se non se achegan, entenderase que non existen.

11. CALENDARIO

A) Inscripcións: Do 1 ao 11 de decembro, preferiblemente en Sede electrónica do Concello

B) Publicación da lista provisional: 13 de decembro.

C) Prazo de emenda de solicitudes: ata o 18 de decembro

D) Publicación da lista definitiva de persoas admitidas: 19 de decembro.

12. PUBLICACIÓN:

As listaxes de persoas preadmitidas e aquelas outras que teñan que emendar a solicitude publicaranse na páxina web do Concello, a través do número de rexistro de entrada da solicitude de inscrición, polo que é moi importante que guarden o xustificante de presentación da solicitude onde aparece dito número. Igualmente o listado de persoas admitidas.

12. CUSTO

Este obradoiro é gratuíto.

Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura a marxe

O Director do CIM
ADRIÁN M. GONÇALVES BARBOSA

ANEXO: SOLICITUDE

NOME DA CRIANZA

NOME E APELIDOS:	
ANO DE NACEMENTO:	
EMPADROAMENTO EN ARZÚA	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
QUENDA/S ESCOLLIDA/S	<input type="checkbox"/> 1ª quenda (26 a 29 dec. 2023) <input type="checkbox"/> 2ª quenda (2 a 5 xan. 2024)

NOME DAS PERSOAS SOLICITANTES

SOLICITANTE	
NAI/PAI/TITOR/A LEGAL 1: NOME E APELIDOS	
DNI/ NIE:	
Correo electrónico:	
Teléfono:	
Autorizo para comprobar os datos da mina filla ou fillo padrón municipal no Concello de Arzúa	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Autorizo ao Concello de Arzúa a publicar(redes sociais, prensa,) fotografías da miñas filla/o no Obradoiro, coa finalidade da divulgación do evento	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
	Sinatura nai/pai/titor/a legal 1:
SOLICITANTE	
NAI/PAI/TITOR/A LEGAL 2: NOME E APELIDOS	
DNI/ NIE:	
Correo electrónico:	
Teléfono:	
Autorizo para comprobar os datos da miñafilla ou fillo padrón municipal no Concello de Arzúa	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Autorizo ao Concello de Arzúa a publicar(redes sociais, prensa,) fotografías da miñas filla/o no Obradoiro, coa finalidade da divulgación do evento	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
	Sinatura nai/pai/titor/a legal 2:

PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DA CRIANZA (Diferentes ás persoas solicitantes)

NOME E APELIDOS	DNI/NIE

Información básica sobre Protección de datos Responsable: Concello de Arzúa. Finalidade: Prestar os servizos solicitados. Lexitimación: Misión de interese público. Persoas destinatarias: Serviplus, S.L. e obrigación legal. Dereitos: Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, indicados na información adicional, que pode exercer dirixíndose a ramon@nossoluciones.es. Procedencia: A propia persoa interesada. Información adicional: [https:// arzua. gal/ politica- privacidad](https://arzua.gal/politica-privacidade)

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA CON ESTA SOLICITUDE

Documentación básica:

- Solicitud asinada
- Fotocopia dos DNI do pai, nai ou titor/a legal.
- Fotocopia dos DNI das persoas autorizadas para a recollida
- No caso de non autorizar a comprobar os datos no padrón municipal riscando a cela habilitada a tal efecto na solicitude, deberán achegar o certificado de empadramento da crianza no Concello de Arzúa.

Documentación adicional segundo as circunstancias familiares:

- No caso de **familia monoparental**, copia do certificado de familia monoparental emitido pola Xunta de Galicia ou xustificante de ter presentado a solicitude e a documentación presentada.
- No caso de **unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados**: resolución de discapacidade con necesidade de terceira persoa, resolución de dependencia ou informe de servizos sociais que acredita dita situación.
- No caso de **vítima de violencia de xénero** informe do Centro de Información ás Mulleres.
- No caso de **mulleres en situación de desemprego de longa duración**, certificado do Servizo Público de Emprego.
- No caso de ter algún tipo de **alerxia, enfermidade ou afección de saúde**, deberá achegar o informe do médico onde conste a diagnose e as actuacións previas ou posteriores a ter en conta. Se non se achegan, entenderase que non existen.

INSTRUCCIÓNS PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Lea con atención as seguintes instrucións:

1. En caso de familias biparentais, deben cubrir e asinar ambos a solicitude. No caso de familias monoparentais, bastan os datos e a sinatura da nai, pai ou titor/a legal da crianza.
2. Coa solicitude achegaranse os datos das persoas que estean autorizadas pola nai, pai e/ou titor/a legal para recoller a crianza. De non achegar estes datos, entenderase que soamente poderán recoller a crianza a/s persoa/s solicitante/s.
3. Para acreditar o empadramento, bastará con autorizar ao Concello de Arzúa para comprobalo no Padrón Municipal, riscando a cela adecuada. No caso contrario, deberá achegarse un volante de empadramento conxunto da unidade familiar para acreditar o empadramento en Arzúa.
4. Calquera circunstancia de saúde que poida afectar á crianza (alerxias, intolerancias, enfermidades crónicas, afeccións de saúde,...) deberase sinalar na solicitude e achegar un informe médico sobre a diagnose e as actuacións que debe ter en conta o monitorado. De non achegar o informe médico, entenderase que non existen.
5. Calquera circunstancia persoal ou familiar das que se ten en conta nos criterios de selección debe acreditarse coa achega da documentación específica solicitada nas bases para cada unha delas.
6. As listaxes de persoas preadmitidas e aquelas outras que teñan que emendar a solicitude publicaranse na páxina web do Concello, a través do número de rexistro de entrada da solicitude de inscrición, polo que é moi importante que guarden o xustificante de presentación da solicitude onde aparece dito número.

As solicitudes debidamente cubertas poderán remitirse por Sede electrónica do Concello de Arzúa, ou entregaranse no Rexistro Xeral do Concello (1ª planta) ou por calquera das canles establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común. A prazo de presentación de solicitudes é do 12 ao 22 de maio.

Calquera dúbida poden consultar ao Centro de Información ás Mulleres no teléfono 981 501 101 ou ben no correo electrónico cim@concellodearzua.com